

MANIFESTO DAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS ANTE AS DIFAMACIÓNS VERTIDAS POLA DIRECCIÓN XERAL E A CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN SOBRE O SEU PROFESORADO

A Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria acaba de iniciar un inesperado ataque ás ensinanzas especializadas de idiomas de ámbito público, cunha grave e irresponsable actuación, por medio do envío da circular 5/2009 o 7 de xullo de 2009 (circular que anula as instrucións de matrícula recibidas o 2 de xullo de 2009), e que implica un retroceso na calidade do ensino dos idiomas porque bota por terra a organización académica dos centros e a homoxeneización e coordinación entre as diferentes EOI, avances e melloras nos que vimos traballando desde o ano 2000, e que se plasman no desenvolvemento curricular do actual modelo de estudos e a implantación das probas unificadas de certificación.

A circular 5/2009, entre outras cousas, obriga a:

- 1) Reducir grupos de alumnado nas franxas horarias de maior demanda.
- 2) Supresión de postos de traballo.
- 3) Deterioración da diversificación na oferta educativa: cursos monográficos, inglés audiovisual, celgas, linguaxe administrativa de nivel medio e superior, cursos de formación de profesorado en colaboración co CFR, cursos PALE, etc.
- 4) Suprimir as horas lectivas complementarias (unhas clases complementarias de reforzo de destrezas, hoxe máis necesarias ca nunca, pois o alumnado pode precisar, segundo o perfil do posto de traballo que desempeñe, exercitar unha destreza máis ca outra e, no caso de que non se supere un curso completo, pódense certificar destrezas).
- 5) As coordinacións entre o todo o profesorado que imparte os mesmos grupos das escolas e das seccións.
- 6) Ampliar os horarios do persoal non docente dos IES que albergan as seccións das EOI (que terán que abrir desde as 15:00 ás 22:00 horas).

Os directores e directoras das EOI, despois de entrevistarse o 17 de xullo de 2009 co Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, o Sr. Mira Lema, para expresarlle as consecuencias da aplicación desta circular e pedirlle a retirada, queren manifestar que:

A receptividade ás argumentacións das direccións foi nula, sen demostrar nin a máis mínima intención de achegamento ao diálogo. A súa postura foi inamovible na defensa da aplicación da circular e, xustificou a necesidade de aplicala, baseándose nunha interpretación perversa da realidade, afirmando que o profesorado das escolas oficiais de idiomas vén traballando 13,5 horas á semana, unha vil estratexia de manipulación informativa para confundir a cidadanía.

A afirmación de que o profesorado traballa 13,5 horas á semana é rotundamente falsa, unha falsidade difundida pola Dirección Xeral e pola Consellería a través dun comunicado aos medios de comunicación ese mesmo día e tamén desde o portal educativo da propia Consellería, e constitúe unha difamación incalificable contra todo o colectivo de profesorado das EOI.

O horario de todo o profesorado das EOI é de 18 horas lectivas (3 grupos ordinarios e 3 horas máis de clases complementarias). Logo, 5 horas complementarias fixas de permanencia obrigatoria no centro; isto é, unha xornada laboral de 23 horas lectivas, como o resto dos funcionarios docentes. Ademais, estamos 7 horas á disposición do centro para outras actividades presenciais non fixas ata completar unha xornada semanal

de 30 horas. Á parte disto, compúntanse 7 horas e media semanais de traballo individual e preparación das clases, seguindo a Orde do 1 de setembro de 1987 pola que se adecúa a xornada de traballo dos funcionarios docentes (xornada laboral de 37,5 horas semanais).

O horario do profesorado é facilmente comprobable nos DOC (documento de organización dos centros). Están á disposición da comunidade educativa e, como é preceptivo, foron enviados á inspección educativa no seu momento e aprobados pola Delegación Provincial.

A pretensión desta Dirección Xeral, con esta nova circular, é que todo o profesorado imparta un grupo máis, co cal desaparecerían as clases complementarias lectivas e todo o profesorado pasaría a impartir 20 períodos lectivos (catro grupos). Con este cálculo, de cada 4 profesores sobra 1, e a oferta de grupos nas franxas horarias de máis demanda redúcese considerablemente.

O descoñecemento da organización dos nosos centros que manifesta o Sr. Director Xeral é alarmante: fala de clases de 50 minutos en vez de 60, cando na realidade temos clases de 120', de 60' e de 90' (tres sesións de 90 minutos equivalen a cinco períodos lectivos á semana de 54'), en función do tipo de curso (contrariamente a secundaria que imparten clases de 50 minutos en diurno e de 40 en nocturno). Estes horarios, tamén os de secundaria, seguen a normativa vixente, o Decreto 324/1996, que se desenvolve na Orde do 1 de agosto do 1997.

Como é obvio, esta lexislación, igual que a circular 10/2004 non procede do goberno anterior como declara o Sr. Mira Lema, existía con ben máis anterioridade.

A circular 10/2004, vixente ata o día 7 de xullo de 2009, negociada previamente na Mesa Sectorial de Educación e consensuada cos centros, foi implantada por un goberno do Partido Popular, de maioría absoluta. Calquera cambio normativo que afecte ás condicións laborais do profesorado ter que pasar, necesariamente, pola mesa sectorial.

O día 7 de xullo, por primeira vez, e despois de diferentes gobernos, rómpese a traxectoria da Consellaría e envíase ás direccións dos centros a circular 5/2009:

- a) En pleno mes de xullo, cando o alumnado e o profesorado están no período non lectivo.
- b) Sen, como acontecía sempre coas anteriores circulares, ter informado previamente, nin enviado un borrador, para que os claustros e as direccións puidesen facer achegas e propostas.
- c) Sen ter pasado antes pola Mesa Sectorial de Educación, onde o profesorado está representado polas organizacións sindicais.
- d) En definitiva, sen o máis mínimo respecto polo profesorado, as direccións das EOI e as organizacións sindicais, rachando cun procedemento que, en maior ou menor medida, se viña seguindo por parte de todos os anteriores gobernos, dun ou doutro signo político.

Aplicar esta nova circular supón acabar con toda a diversificación curricular existente nas EOI galegas ao aumentar, de maneira desorbitada, a carga de traballo dos profesionais implicados e supón acabar coa calidade das ensinanzas especializadas de idiomas que estamos a ofrecer como servizo público que somos, alén de alterar as condicións de traballo do profesorado.